



O Sr. **Alcalde** escusou a asistencia das concelleiras Sras. González Haba Pérez (por cuestións de saúde) e Sra. Rodríguez Búa (por estaren de viaxe).

**1º) PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE O CAMBIO DE CUALIFICACIÓN E DELIMITACIÓN DO EQUIPAMENTO PÚBLICO “E 2A-0” DOS TERREOS DO CENTRO DE DÍA.** O Sr. **Secretario** dá conta do ditame favorable da **Comisión Informativa de Urbanismo** do **09 de novembro de 2017** sobre esta proposta que literalmente di:

“**CAMBIO DE CUALIFICACIÓN E DELIMITACIÓN DO EQUIPAMENTO PÚBLICO “E 2A-0” DOS TERREOS DO CENTRO DE DÍA.**

O terreo no que está construído o centro de día está cualificado como “de equipamento sanitario e deportivo”, dentro do solo urbano consolidado.

Está previsto que no futuro sexa executada unha importante obra no centro e estímase que é necesario cualificar os terreos en cuestión como de equipamento público asistencial en lugar da cualificación anterior.

O arquitecto municipal emitiu un informe ao que se une un plano de situación, que literalmente di:

“Consultado os planos de ordenación do PXOM, o que subscribe INFORMA:

Os terreos nos que se atopa o “Centro de Día”, situado en Baltar-Adina; atópanse clasificados como solo urbano consolidado, e cualificados como equipamento público sanitario, dentro da delimitación do equipamento “E 2A-O” e unha pequena parte dentro da delimitación do equipamento público deportivo “E 2-DEP”; todos eles dentro do ámbito de aplicación da ordenanza nº 11 “Equipamentos”; de acordo cos planos de ordenación do P.X.O.M. vixente; aprobado definitivamente en Sesión Plenaria de 27 de febreiro de 2003; e publicado no BOP de 20 de marzo de 2003.

Dado que o “Centro de Día” en un uso asistencial de conformidade ca regulación de usos establecidas no artigo 4.1) do texto do PXOM; definindo este artigo o uso asistencial como : *“Correspondese esta a edificio ou locais destinados a asilo, outros servizos para maiores, nenos, diminuídos físicos, etc”.*

Polo que procede cambiar a cualificación dos terreos que actualmente ocupa o centro de día, por conto este na actualidade atópase en terreos cualificados como equipamento sanitario e deportivo; e cambiar a cualificación da parcela de referencia e súa delimitación a equipamento público asistencial; pasando a denominarse “E 2A-O. ASITENCIAL”; de conformidade cos planos adxuntos.

De acordo co artigo 42.5) da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia; o Concello en Pleno, por maioría absoluta e sen necesidade de seguir o procedemento de modificación do plan, poderá acordar o cambio de uso dos terreos reservados para equipamentos públicos por outro uso dotacional público distinto, sempre que se manteña a titularidade pública ou se destine a incrementar as zonas verdes e espazos públicos. Sanxenxo, a 15 de setembro de 2017.””

Visto o informe do secretario acctal. relativo a adopción do acordo por maioría absoluta.

Polo exposto, e en virtude do disposto no artigo 42.5 da Lei 2/2016, de 16 de febreiro, do Solo de Galicia, propónse ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

**UNICO: cualificar os terreos** que actualmente ocupa o centro de día en Baltar-Adina como “**de equipamento público asistencial**” pasando a denominarse “**E 2A-0.ASITENCIAL**” dentro do ámbito de aplicación da ordenanza número 11 do PXOM.””

Ao non se producir intervencións, o Sr. **Presidente** someteu a proposta a votación na que, **por unanimidade, resultou aprobada, adoptándose o seguinte acordo:**

**UNICO: cualificar os terreos** que actualmente ocupa o centro de día en Baltar-Adina como “**de equipamento público asistencial**” pasando a denominarse “**E 2A-0.ASITENCIAL**” dentro do ámbito de aplicación da ordenanza número 11 do PXOM.-----

**2º) PROPOSTA DA ALCALDÍA PARA DESESTIMACIÓN DOS RECURSOS DE REPOSICIÓN INTERPOSTOS POR “HERCOR INVERSIONES, S.L.” E “INVERSIONES INMOBILIARIAS BENITO CORBAL 14, S.L.”, “ALISEDA, S.A.U” E “XUNTA DE COMPENSACIÓN DO SU-8” CONTRA O ACORDO DO PLENO DO CONCELLO DE SANXENXO DE 25/09/17 SOBRE SUSPENSIÓN DE LICENZAS EN DETERMINADOS SECTORES DOS SOLOS URBANIZABLES DELIMITADOS NO PXOM. O Sr. Secretario dá conta do ditame favorable da Comisión Informativa de Urbanismo do 09 de novembro de 2017 sobre esta proposta que literalmente di:**

**“RECURSOS DE REPOSICIÓN INTERPOSTOS POR HERCOR INVERSIONES, S.L. E INVERSIONES INMOBILIARIAS BENITO CORBAL, 14, S.L.; ALISEDA, S.A.U. E A XUNTA DE COMPENSACIÓN DO SU 8, CONTRA O ACORDO DO PLENO DO CONCELLO DE SANXENXO DE DATA DO 25 DE SETEMBRO DE 2017, SOBRE SUSPENSIÓN DE LICENZAS EN DETERMINADOS SECTORES DE SOLO URBANIZABLE DELIMITADOS NO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE SANXENXO**

Visto o Informe da Técnica do Servizo de Urbanismo do Concello de Sanxenxo de data 7 de novembro de 2017, do seguinte tenor literal:

“A Técnica que subscribe, no día da data, emite o seguinte **INFORME XURÍDICO**:

**A.ANTECEDENTES:**

1.Na data do 25 de setembro de 2017 o Pleno da Corporación municipal adoptou o seguinte acordo:

*Primeiro.- Suspender os procedementos de outorgamento de licenzas de parcelación de terreos e de edificación en determinados sectores de solo urbanizable do PXOM de Sanxenxo coa finalidade de estudar a modificación da súa ordenación urbanística, durante o prazo dun ano dende a publicación deste acordo ou, no seu caso, ata a aprobación inicial da modificación puntual do Plan Xeral de Ordenación Municipal cando esta teña lugar dentro do prazo de vixencia da suspensión facultativa.*

*O contido e alcance da suspensión son os que se determinan no resume executivo incorporado ao expediente e denominado “Suspensión facultativa de licenzas para o estudo da modificación da ordenación urbanística dos sectores de solo urbanizable nº 1, 2, 4, 5, 7, 8, 9, 11, 12, 13, 14, 16, 17, 18, 19, 20, 21, 22, 23, 24, 25, 26, 27, 29 e 30 do PXOM de Sanxenxo”.*

*Segundo.- Publicar este acordo no Diario Oficial de Galicia e nun dos periódicos de maior circulación da provincia.*

Dito acordo foi publicado no Diario Oficial de Galicia nº 187 do 2 de outubro de 2017 e no diario Faro de Vigo da mesma data.

2.Fronte ao referido acordo, na data do 2 de novembro de 2017 as sociedades HERCOR INVERSIONES, S.L. e INVERSIONES INMOBILIARIAS BENITO CORBAL, 14, S.L. interpuxeron recurso de reposición (registro de entrada no Concello de Sanxenxo nº 11.928), solicitando mediante Outrosí a suspensión da execución do acto impugnado.

3.Na mesma data, mais a través do portelo único do registro da Deputación de Pontevedra, interpuxeron sendos recursos de reposición ALISEDA, S.A.U. e a XUNTA DE COMPENSACIÓN DO SU 8, se ben nestes casos non se solicita a suspensión da execución do acto impugnado.

4.O contido dos recursos de reposición presentados é idéntico, coa diferenza apuntada da petición de suspensión, esgrimíndose os seguintes fundamentos xurídicos:

*\*Nulidade de pleno dereito, por canto “se vulnera a Lei do Solo de Galicia cando a un sector case finalizado, que é solo urbano por Lei, con todos os servizos urbanísticos, se lle priva da edificabilidade e dos dereitos urbanísticos xa consolidados”.*

\*Error na valoración, toda vez que se exclúe da suspensión “algúns solos urbanizables” de uso residencial (SU 3, SU 6 e SU 10) e un de uso industrial (SU 15) coas obras de urbanización nun grado moi inferior de desenrolo”.

\*Principio de igualdade de trato, por canto “si exclúe dous solos urbanizables en inferior grado de desenrolo e execución, ten que excluírse o SU 8 A Granxa”.

## **B.FUNDAMENTOS XURÍDICOS:**

### **1.Sobre a lexitimación, competencia e prazo para a interposición dos recursos de reposición.**

Os recursos se formulan polos representantes, debidamente acreditados, de sociedades propietarias de parcelas no ámbito de solo urbanizable delimitado nº 8 do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Sanxenxo (en adiante, PXOM) e polo Presidente da Xunta de Compensación do SU 8, considerándose acreditada a súa condición de interesados e a conseguinte lexitimación para a interposición dos recursos formulados.

Os recursos se interpoñen dentro do prazo legalmente previsto e fronte ao mesmo órgano que ditou o acto recorrido, de conformidade co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (en adiante, Lei 39/2015).

### **2.Sobre os presuntos motivos de nulidade nos que se fundamentan os recursos de reposición.**

Tal e como se expuxo no anterior apartado Antecedentes, o obxecto do acordo impugnado é a suspensión dos procedementos de outorgamento de licenzas de parcelación de terreos e de edificación en determinados sectores de solo urbanizable do PXOM de Sanxenxo, coa finalidade de estudar a modificación da súa ordenación urbanística.

Tal posibilidade atopa o seu fundamento legal no artigo 47 a Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia (en adiante, LSG), que habilita aos órganos competentes para a aprobación inicial dos instrumentos de planeamento urbanístico a acordar tal suspensión co fin de estudar a súa formulación, revisión ou modificación, como así acontece no presente suposto.

En efecto, no acordo do 25 de setembro de 2017 o Concello de Sanxenxo fixo uso da facultade prevista no artigo 47 da LSG precisamente coa finalidade nel indicada, que non é outra que estudar a modificación puntual do planeamento municipal.

Dende este punto de vista, ningunha tacha de ilegalidade ou nulidade de pleno dereito pode atribuírse ao acordo impugnado. Tal e así que, de feito, **os recursos de reposición formulados se fundamentan unicamente na suposta nulidade da futura modificación do PXOM que pretende acometer a Administración municipal, incorrendo desta forma nunha desviación procedimental e adocendo de argumentos xurídicos que amosen a desconformidade a Dereito do propio acordo de suspensión que, de por si, levarían á desestimación dos recursos de reposición.**

A maiores do anterior, e en relación coas diversas aseveracións que se realizan nos recursos presentados, cómpre indicar:

a)Alégase que “se vulnera a LSG cando a un sector case finalizado, que é solo urbano por Lei, con todos os servizos urbanísticos, se lle priva da edificabilidade e dos dereitos urbanísticos xa consolidados”.

A presunta vulneración alegada de contrario é unha mera alegación teórica, sen que nin sequera se cite o precepto presuntamente infrinxido, polo que a pretendida nulidade de pleno dereito invocada de contrario carece de apoio legal.

Doutra banda, respecto das consideracións que se realizan sobre a condición de “solo urbano” do SU 8 e a presenza de “todos os servizos urbanísticos”, é preciso indicar:

\*O SU 8 non ten finalizada a urbanización interior do ámbito, restando por rematar, entre outros posibles servizos e sen prexuízo do que resulte da comprobación polos servizos técnicos municipais no momento oportuno, a estación de bombeo das augas pluviais e algunhas das súas beirarrúas.

\*Faltan por executar as infraestruturas de conexión aos sistemas xerais exteriores ao sector previstas no Plan Director de Infraestruturas de Abastecemento e Saneamento do Concello de Sanxenxo, entre elas, o sistema de bombeo por impulsión común aos sectores SU 1 e SU 8, imprescindible para a posta en funcionamento no ámbito.

\*Non está aprobado definitivamente o Proxecto de Urbanización do sistema xeral nº E84B, adscrito ao SU 8, cuxa tramitación quedou paralizada dende o ano 2012.

\*Dado o tempo transcorrido dende a execución material da urbanización, para a recepción das obras de urbanización deberá revisarse previamente o estado xeral das obras no seu día executadas.

\*Consultados os arquivos municipais, non consta á Técnica que subscribe que se avalase integramente a execución da urbanización nin se solicitasen licenzas de obra para edificacións de vivendas colectivas ou bloques en altura, tal e como se indica nos recursos presentados, sen prexuízo de que os interesados podan aportar documentación que acredite este extremo aos efectos oportunos.

En definitiva, o SU 8 non ten nin moito menos, ao día data, a condición de solo urbano pois non conta con todos os servizos urbanísticos; con carácter especial, falta a execución das infraestruturas de conexión aos sistemas xerais exteriores ao ámbito, polo que os recursos de reposición interpostos non soamente carecen de base xurídica se non que, ademais, tampouco son certos os datos fácticos sobre os que se fundamentan.

En canto á privación de edificabilidade e dos dereitos urbanísticos xa consolidados, debe recordarse que o acordo plenario obxecto dos recursos non modifica a ordenación vixente, se non que simplemente suspende os procedementos de outorgamento de licenzas, polo que mal pode dicirse que prive de edificabilidade ou de dereito urbanístico algún. Si o que pretende impugnarse é a futura ordenación do ámbito e a potestade municipal para acometer unha modificación do seu planeamento, non é este o momento procedimental adecuado.

En calquera caso, respecto da consolidación de dereitos edificatorios, compre remitirse á xurisprudencia recollida no Informe-Proposta que precedeu ao acordo municipal impugnado, consonte á cal cabe concluír que unicamente patrimonializaron o aproveitamento urbanístico previsto no PXOM aqueles sectores de solo urbanizable que chegaron á fase final de execución do plan, considerando como tales aqueles que completaron a súa transformación física co cumprimento da obriga da correcta execución das obras de urbanización ou ben aqueles nos que dita execución garantiuse con ocasión do outorgamento de licenzas de edificación.

No suposto do SU 8 non se consolidaron tales dereitos por canto o solo non acadou a condición de solo urbano ao non ter rematadas as obras de urbanización nin garantida a súa execución. Pero aínda no teórico suposto de que considerásemos que tales dereitos se consolidaron no caso do SU 8, non concorre o requisito previsto no artigo 48 do Texto Refundido da Lei do Solo para a súa indemnización, a saber, que a alteración das condicións de exercicio da execución da urbanización, ou das condicións de participación dos propietarios nela, por cambio da ordenación territorial ou urbanística, se produza antes de transcorrer os prazos previstos para o seu desenrolo ou, transcorridos estes, si a execución non se levase a efecto por causas imputables á Administración.

É dicir, aínda se considerásemos que no caso do SU 8 se tiveran consolidado os dereitos edificatorios – suposto expresamente negado por canto o ámbito en cuestión non acadou a condición de solo urbano –, a alteración das condicións de exercicio da execución da urbanización por cambio da ordenación urbanística non daría lugar a responsabilidade patrimonial da Administración, pois non concorre o requisito relativo á modificación anticipada da ordenación; ao contrario, transcorreron, con creces, os prazos previstos no planeamento xeral e no planeamento de desenrolo para a súa execución.

b)No tocante ao *error na valoración e o principio de igualdade de trato*, os recursos límitanse a indicar que os solos excluídos do ámbito da suspensión, SU 3, SU 6, SU 10 e SU 15, teñen un grado de urbanización moi inferior ao SU 8.

Novamente estamos ante unha alegación meramente teórica, pois non se concreta, argumenta nin aporta proba algunha de semellante aseveración.

Mediante acordo de data 18 de outubro de 2011 o Concello de Sanxenxo recepcionou as obras de urbanización do **SU 3** que, por conseguinte, acadou a condición de solo urbano consolidado.

Respecto do **SU 6**, se trata dun ámbito no que os propietarios avalaron o cen por cen das obras de urbanización e concedéronse tres licenzas de obras para a construción de 39 vivendas unifamiliares e acaroadas (executadas na súa meirande parte) e dunha edificación destinada a local comercial.

Se trata pois dun ámbito no que os seus propietarios si patrimonializaron e mesmo materializaron o aproveitamento urbanístico como consecuencia do cumprimento do deber de equidistribuir e urbanizar, ao estar garantida a totalidade das obras de urbanización do sector. En calquera caso, se trata dun ámbito que se atopa practicamente consolidado pola edificación, polo que o cambio da ordenación vixente implicaría deixar os sólidos xa construídos en situación de fora de ordenación, situación en ningún caso desexable nin querida polo planificador.

Respecto do **SU 10** é un sector desenrolado ao abeiro das normas subsidiarias de planeamento municipal do ano 1990. Aínda que os propietarios non cumpriron neste caso coa totalidade do deber de urbanizar, trátase dun solo cun alto grao de consolidación pola edificación, tendo materializado un número considerable de propietarios os seus dereitos edificatorios co outorgamento das correspondentes licenzas de obras e mesmo de primeira ocupación debido a antigüidade desta urbanización, desenrolada ao abeiro das NSP de 1990 e cunha ordenación anterior ao PXOM vixente.

No tocante ao **SU 15**, destinado a uso industrial, a súa problemática é ben distinta á dos restantes solos de uso residencial, o que xustifica sobradamente a súa exclusión do acordo de suspensión xa que a modificación que se proxecta ten como obxectivo a mellora da ordenación dos sectores destinados a uso residencial.

En definitiva, non pode dicirse que existiu un erro na valoración do grao de desenrolo do SU 8 cuxa situación, segundo se expuso, non resulta en modo algún equiparable á dos sectores SU 3, SU 6, SU 10 e SU 15. Antes ben, ao contrario, a súa situación é asimilable á doutros sectores incluídos no ámbito da suspensión como poden ser, a título de exemplo, o SU 1, o SU 7, o SU 12, o SU 27 ou o SU 29, nos que (ao igual que no caso do SU 8) executáronse obras de urbanización – mesmo nalgúns casos avaláronse na súa totalidade – mais se atopan na actualidade pendentes de recibir ben por deficiencias de execución respecto dos proxectos de urbanización aprobados, ben por non ter finalizada a súa execución.

Polas razóns expostas ao longo do presente informe, procede desestimar os recursos de reposición formulados contra o acordo plenario adoptado o 25 de setembro de 2017.

### ***3.Sobre a suspensión da execución do acto impugnado.***

No recurso de reposición interposto polas sociedades HERCOR INVERSIONES, S.L. e INVERSIONES INMOBILIARIAS BENITO CORBAL, 14, S.L., os recorrentes solicitan por medio de Outrosí, e con fundamento dunha norma derogada, a suspensión da execución do acto impugnado.

Non obstante, novamente, formulan nunha petición que carece dos requisitos mínimos para ser admitida, sen tan sequera indicar (moito menos xustificar) os motivos que ampararían a suspensión do acordo recorrido, tal e como require o artigo 117.2 da Lei 39/2015.

En calquera caso, a ponderación entre o prexuízo que ocasionaría ao interese público a suspensión do acto recorrido e o ocasionado ao recorrente como consecuencia da eficacia inmediata do acto recorrido, levarían a desestimar a petición de suspensión formulada.

En efecto, a suspensión do procedemento de outorgamento de licenzas de parcelación e edificación non implica ningún prexuízo para os recorrentes, que non teñen solicitadas licenzas de edificación do ámbito, nin poden facelo ao non ter finalizadas as obras de urbanización do mesmo nin aprobado o proxecto de urbanización do sistema xeral adscrito.

Pola contra, a suspensión da execución do acto recorrido ocasionaría un grave prexuízo ao interese público concorrente, consistente na reordenación dos ámbitos de solo urbanizable delimitado, pois permitiría a materialización dos dereitos edificatorios dos propietarios, deixaría os novos sólidos edificatorios en situación de fora de ordenación e, precisamente, impediría o alcance dos obxectivos da mellora da ordenación que se pretende.

Polo exposto, **informo desfavorablemente os recursos de reposición interpostos por HERCOR INVERSIONES, S.L. e INVERSIONES INMOBILIARIAS BENITO CORBAL, 14, S.L. ALISEDA, S.A.U. e a XUNTA DE COMPENSACIÓN DO SU 8 – A GRANXA**, contra o acordo do Pleno do Concello de Sanxenxo de data 25 de setembro de 2017 e, previo informe do Secretario municipal, ao abeiro do establecido no artigo 123 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, formulo ao Alcalde – Presidente do Concello de Sanxenxo para a súa elevación ao Pleno, a seguinte **Proposta de Resolución**:

Primeiro.- Desestimar os recursos de reposición interpostos por HERCOR INVERSIONES, S.L. e INVERSIONES INMOBILIARIAS BENITO CORBAL, 14, S.L., ALISEDA, S.A.U. e a XUNTA DE COMPENSACIÓN DO SU 8 – A GRANXA, contra o acordo do Pleno da Corporación municipal de data do 25 de setembro de 2017, relativo á suspensión dos procedementos de outorgamento de licenzas de parcelación de terreos e de edificación en determinados sectores de solo urbanizable do PXOM de Sanxenxo coa finalidade de estudar a modificación da súa ordenación urbanística, rexeitando expresamente a solicitude de suspensión da execución do acto impugnado.

Segundo.- Notificar a presente resolución aos interesados, con advertencia dos recursos que no seu caso procedan”.

**Esta Alcaldía**, tendo en conta o contido da proposta e o informe do Secretario municipal accidental, ao abeiro do disposto no artigo 123 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, **propón ao Pleno a adopción do seguinte Acordo**:

Primeiro.- Desestimar os recursos de reposición interpostos por HERCOR INVERSIONES, S.L. e INVERSIONES INMOBILIARIAS BENITO CORBAL, 14, S.L., ALISEDA, S.A.U. e a XUNTA DE COMPENSACIÓN DO SU 8 – A GRANXA, contra o acordo do Pleno da Corporación municipal de data do 25 de setembro de 2017, relativo á suspensión dos procedementos de outorgamento de licenzas de parcelación de terreos e de edificación en determinados sectores de solo urbanizable do PXOM de Sanxenxo coa finalidade de estudar a modificación da súa ordenación urbanística, rexeitando expresamente a solicitude de suspensión da execución do acto impugnado.

Segundo.- Notificar a presente resolución aos interesados, con advertencia dos recursos que no seu caso procedan.””

A **Sra. Deza Martínez, voceira do Grupo Municipal do Partido Popular**, explicou en resumo o texto dos recursos presentados nos que se expón que o SU-8 debería quedar fóra da suspensión por ter instrumentos aprobados e coas obras de urbanización en parte executadas, engadíndose que unha nova regulación urbanística vai minorar as posibilidades edificatorias con prexuízo económico. Rematou dicindo que os recursos non teñen fundamento e deste xeito propónse a desestimación.

O **Sr. Agís Balboa, voceiro do Grupo Municipal Mixto**, anunciou que ía votar a favor porque os prazos para desenvolver o SU remataron por responsabilidade dos promotores e está de acordo coa desestimación baseada nos informes técnicos.

O **Sr. Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego**, manifestou que aínda non pasaron dous meses dende a suspensión e xa hai recursos como adiantou o seu grupo, dicindo que isto vai a ser a tónica no futuro en canto as reclamacións. Indicou que xa antes de contratar os traballos de modificación urbanística xa temos recursos en vía administrativa e vanse presentar recursos contenciosos administrativos no futuro. Matizou que si a Sra. Deza Martínez di que os recursos non están suficientemente fundamentados, entón de estalo habería que

modificar a suspensión. Advertiu que a suspensión pode ser lesiva pero non van a estar a prol dos promotores aínda recoñecendo que toda esta cuestión é a consecuencia da política urbanística que se levou a cabo. Anunciou que agora non van votar nin a favor nin en contra dos recursos por coherencia, engadindo que se o fixeron en contra da suspensión foi porque con ela se está dando unha segunda oportunidade, en canto á edificabilidade, a uns solos urbanizables nos que non se fixo desenvolvemento algún.

A **Sra. Deza Martínez** manifestou que o Sr. Otero Domínguez escoita só o que quere escoitar, engadindo que os solos urbanizables patrimonializados xa quedaron fóra. Informou que nos recursos do SU-8 expónse que este está patrimonializado e que se pediron licenzas nel, algo que non é certo. Dixo que non se pode falar de segunda oportunidade pois senón houbera a suspensión poderían desenvolverse os solos urbanizables e, porén, agora terán unha intensidade edificatoria minorada en base á nova normativa urbanística. Opinou que si só hai recursos relacionados co SU-8 significa que a medida da suspensión non é tan mala e rematou dicindo que os solos urbanizables xa tiñan o dereito a desenvolverse aínda que hai algúns que pouco poderán facer en materia de edificabilidade polas proteccións normativas.

O **Sr. Otero Domínguez** manifestou que hai solos urbanizables que teñen proxecto de equidistribución aprobado, pero outros, a maioría, non teñen nada e así estamos a falar de solos rústicos na práctica, pero ante a segunda oportunidade que xurde coa suspensión estes solos (eucaliptales en varios casos sen servizos) poden desenvolverse cando nin debían estar incluídos no seu día no PXOM. Responsabilizou desto último ao alcalde que promoveu un plan xeral onde se impide precisamente, a cambio destes solos, a edificabilidade nos terreos arredor dos núcleos rurais que era o que había que facer.

A **Sra. Deza Martínez** insistiu en que a suspensión é unha boa medida falando ademais das leis do solo posteriores que minoran a edificabilidade en xeral.

O **Sr. Presidente** manifestou que é normal que non opinemos todos o mesmo pero parece que o que pretende o BNG é entrar en “xogo político”, de atacalo sempre en materia urbanística. Insistiu en que a suspensión é beneficiosa indicando que os nacionalistas estiveron gobernando dous anos en que non fixeron nada nesta cuestión. Engadiu que os intereses xerais quedan defendidos pois é positivo para o municipio e para a súa economía que se constrúa, aínda que sexa menos. Rematou dicindo que non entende a abstención do BNG neste intre pois agora é o momento de apoiar ata que se presente a proposta concreta de modificación dos solos urbanizables na que terá lugar o debate e posicionamento de cada grupo.

Non se producen máis intervencións e a **presidencia** someteu a **votación** a proposta da alcaldía, coa introdución da emenda, acadándose e o seguinte resultado:

**Votos a favor: 12 (Grupo Municipal do Partido Popular, Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal, e Sr. Agís Balboa do Grupo Municipal Mixto).**

**Votos en contra: 0**

**Votos pola abstención: 3 (Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego).**

En consecuencia, a **Corporación Municipal en Pleno**, por **maioría absoluta**, adoptou o seguinte acordo:



**PRIMEIRO:** desestimar os recursos de reposición interpostos por “HERCOR INVERSIONES, S.L” e “INVERSIONES INMOBILIARIAS BENITO CORBAL, 14, S.L.”, “ALISEDA, S.A.U.” e a “XUNTA DE COMPENSACIÓN DO SU 8 – A GRANXA”, contra o acordo do Pleno da Corporación municipal de data do 25 de setembro de 2017, relativo á suspensión dos procedementos de outorgamento de licenzas de parcelación de terreos e de edificación en determinados sectores de solo urbanizable do PXOM de Sanxenxo coa finalidade de estudar a modificación da súa ordenación urbanística, rexeitando expresamente a solicitude de suspensión da execución do acto impugnado.

**SEGUNDO:** Notificar a presente resolución aos interesados, con advertencia dos recursos que no seu caso procedan.-----

**3º) PROPOSTA DA ALCALDÍA PARA DESESTIMACIÓN DA RECLAMACIÓN PRESENTADA POR JUAN MARÍA FÁTIMA ROCAFORT MORALES EN CONTRA DO ACORDO DE APROBACIÓN DO ORZAMENTO XERAL PARA 2017.** O Sr. Secretario dá conta do ditame favorable da Comisión Informativa de Contas, Asuntos Económicos e Patrimonio do 09 de novembro de 2017 sobre esta proposta que literalmente di:

**“2.- ESTIMACIÓN OU DESESTIMACIÓN DA RECLAMACIÓN FRONTE Á APROBACIÓN DO ORZAMENTO XERAL DE 2017.-** O alcalde manifesta que como se quedou no día de onte na xunta de portavoces onde asistiu o interventor para dar conta do seu informe, dase lectura á proposta da alcaldía con referencia á reclamación presentada que, copiada literalmente, di:

“Vista a reclamación presentada por D. Juan María Fátima Rocafort Morales con data 27.10.17 e número de rexistro de entrada 11784.

Visto o informe emitido pola intervención xeral con data 06.11.17.

É polo que resolvo propoñer perante o Pleno da Corporación:

- a) Admitir a reclamación presentada
- b) Desestimar a mesma xa que o orzamento contempla un compromiso de pago mediante un plan cuatrianual de pagamento do xustiprezo por contía de 3.010.872,38, devengado o 01.01.18 e cun primeiro pago o 31.03.18. Asemade contempla a posibilidade de poder efectuar pagos parciais na presente anualidade, unha vez definitiva a aprobación do orzamento, como anticipo do referido plan cuatrianual, cunha contía máxima de 200.000,00 euros.
- c) Aproveitando esta reconsideración propoño ao Pleno que se contemple un plan director no área de gastos 9 (aplicación orzamentaria 92001 62300) por contía de 50.000,00 euros, reducindo dita contía das áreas de gastos 3 (30.000,00 euros) e 4 (20.000,00 euros), dado que é preciso realizar investimentos que non teñen encaixe estrito polo que é aconsellable imputala a esta área de gasto.
- d) Polo tanto, proponse, en consecuencia con todo o anterior, a aprobación definitiva do orzamento de 2017, cadro de persoal, documentos informativos referidos ao orzamento anual consolidado e cada un dos orzamentos separados que o integran, incluído o estado de consolidación.”

Tamén consta o informe da intervención que, copiado literalmente, di:

**“1.-ANTECEDENTES:**

1º.-Con data 31.10.17, con número de rexistro de entrada 11852, presentouse perante esta intervención e a tesourería xeral do Concello, un escrito asinado pola alcaldesa accidental María Deza Martínez no que se solicitaba un informe económico-financeiro a esta intervención, respecto da reclamación presentada fronte á aprobación inicial do orzamento do ano 2017 por D. Juan María Fátima Rocafort Morales.

2º.-Examinada a reclamación que se presenta neste Concello con data 27.10.17, con número de rexistro de entrada 11784, dedúcese que se reclama unha cantidade de 3.010.872,38 euros, en concepto de xustiprezo por un equipamento urbanístico en zona verde. Fai referencia a unha sentenza do Tribunal superior de xustiza de Galicia de data 12.06.08 e o acordo de fixación do xustiprezo polo xurado de

expropiación de Galicia da data 11.04.13. Por último fai referencia a unha sentenza do Tribunal superior de xustiza de Galicia de data 07.07.16 que é firme.

3º.-Tamén reflicte aspectos sobre os contidos dos orzamentos que lle levan ao reclamante a deducir a inexistencia de crédito nas aplicacións orzamentarias para facer fronte ao pagamento do xustiprezo. Polo tanto conclúe o reclamante que non se contempla cantidade algunha, nin en todo nin en parte, no orzamento agora sometido a información para facer fronte ao pagamento do referido xustiprezo.

Aos efectos fundamenta a súa reclamación no disposto no artigo 170 do texto refundido da Lei regulamentadora das facendas locais, aprobado por R.D.L. 2/2004 de 5 de marzo.

4º.-Sinala a posible responsabilidade do tesoureiro da ilegalidade de advertir sobre a ilegalidade de omitir a dotación da correspondente partida (suponse que se refire a aplicación orzamentaria), sen saber esta intervención cal pode ser esa responsabilidade dadas as funcións da tesourería municipal regulamentadas no artigo 196.

Por último remata a reclamación cunha sorte de posible esixencia de responsabilidade a funcionarios, tendo en conta que poden ser constitutivos dunha vulneración do artigo 222 do RDL 2/2004, do 5 de marzo<sup>1</sup>. A posible ameaza estendese persoalmente ao alcalde e os concelleiros que puidesen votar a favor da aprobación do orzamento.

No que respecta a esta intervención e, en virtude do artigo antes mencionado, será ela mesma a que requira un informe xurídico a fin de poder depurar todas as responsabilidades inherentes ao presente caso, coa posibilidade de poder elevalas ante a sala de fiscalización e enxuízamento do Tribunal de contas de España e do Consello de contas de Galicia, e a fiscalía competente.

Non obstante, en calquera caso esta intervención solicitará o amparo do colexio profesional e das autoridades pertinentes, se, chegado o caso, é preciso.

## **II.-CONSIDERACIÓNS ECONÓMICO-FINANCEIRAS E XURÍDICAS:**

1ª.-É manifestamente claro, do exame dos orzamentos, que o Concello non dispón de aforro neto presupostado suficiente para facer fronte a o pagamento deste xustiprezo nunha soa anualidade cos seus fondos propios.

Isto dedúcese claramente do exame do estado de ingresos e gastos do orzamento fronte ao que se reclama, nas consignacións das previsións iniciais dos capítulos I a V do estado de ingresos en relación aos créditos iniciais dos capítulos I a IV e IX.

De feito o aforro neto presupostado é exclusivamente o resultante de deducir da cifra total dos crédito iniciais dos capítulos VI e VII (gastos non financeiros por operacións de capital) os ingresos especificamente afectos que se encontran reflectidos no capítulo VII do orzamento separado da entidade local (ingresos non financeiros por operacións de capital) denominados transferencias de capital na terminoloxía da orde EHA/3565/2008 de 3 de decembro, modificado pola orde HAP/419/2014 de 14 de marzo.

De feito, a ecuación resultante é a seguinte:

|                                      |              |
|--------------------------------------|--------------|
| Total créditos iniciais capítulo VI  | 2.256.410,45 |
| Total créditos iniciais capítulo VII | 54.695,79    |
| Total                                | 2.311.106,24 |

Esta é a cifra que dos créditos iniciais poder dedicar a entidade local a investimentos e transferencia á empresa dependente do Ministerio de fomento por convenio xa subscrito.

A esta cantidade debemos de deducirle os ingresos afectos do capítulo VII do estado de ingresos por contía de 1.074.145,06 euros, **resultando unha cifra de 1.236.961,18 euros.**

<sup>1</sup> **Artículo 222. Facultades del personal controlador** Los funcionarios que tengan a su cargo la función interventora así como los que se designen para llevar a efecto los controles financiero y de eficacia, ejercerán su función con plena independencia y podrán recabar cuantos antecedentes consideren necesarios, efectuar el examen y comprobación de los libros, cuentas y documentos que consideren precisos, verificar arqueos y recuentos y solicitar de quien corresponda, cuando la naturaleza del acto, documento o expediente que deba ser intervenido lo requiera, los informes técnicos y asesoramientos que estimen necesarios.

Insuficiencia que tamén se deduce da orzamento na súa versión de consolidado, xa que, neste caso e seguindo a mesma ecuación anterior (capítulo VII de ingresos consolidado menos capítulo VI e VII de gastos) dedúcese que o esforzo inversor consolidado sería de 1.692.948,57 euros.

2ª.-Desta cifra consta sinalar que un parcial de 707.891,65 euros corresponde ao plan director de servizos públicos básicos, dotado na aplicación 15310 60104.

Tendo en conta que o xustiprezo pola expropiación urbanística ten a consideración de gasto de investimento debería imputarse precisamente, total ou parcialmente, a mesma área de gasto a que pertence esta aplicación, tendo en conta as definicións da vixente orde ministerial do Ministerio de facenda e administracións públicas de 2014 sobre estrutura orzamentaria das entidades locais (Orden HAP/419/2014, do 14 de marzo).

3ª.-O gasto de referencia debe de imputarse á política de gastos 15, vivenda e urbanismo, onde se inclúen todos os gastos dos servizos relacionados coa vivenda e o urbanismo, así como os complementarios destes.

4ª.-Isto establececese dado que a aplicación xa referida 15310 60104, segundo as disposicións establecidas nas bases de execución do orzamento cederá crédito ás aplicacións precisas da mesma área de gasto 1, onde se deban executar finalmente os proxectos de referencia, entre eles, unha posible entrega parcial a conta do pagamento da expropiación, dada a imposibilidade, xa anteriormente referida, de facer fronte ao pagamento da totalidade con cargo a fondos propios.

5ª.-En concreto a partida de destino de cesión de crédito, ou cesionaria, será a 151.601.00. A mecánica de xestión presupostaria é a transferencia de crédito tipoloxía modificativa que ven regulamentada nos artigos 178 e 179 do RDL 2/2004 do 5 de marzo polo que ase aproba o texto refundido da lei regulamentadora das facendas locais (en adiante TRLHL)

6ª.-Polo tanto, segundo as normas de dereito público orzamentario regulamentadas no TRLHL e desenvolvidas polo R.D. 500/1990 de 20 de abril; tendo en conta as mencións ao respecto das bases de execución do orzamento, en especial a disposición final primeira, e demais documentación complementaria preceptiva do presuposto ás que me remito enteiramente, é evidente que un parcial ou a totalidade da contía de 707.891,65 euros do referido plan director, pode ser destinada ao pagamento do mencionado xustiprezo nesta anualidade de 2.017.

7ª.-Non obstante, é de mencionar o relativo á disposición final I, xa que o estado de gastos do presente presuposto dispón dunhas cantidades consignadas como créditos iniciais para facer fronte a gastos en materia de urbanismo derivadas de indemnizacións, devolucións ou pagamento de expropiacións como é o caso. Esta cantidade atopase incluída nas aplicacións 15101 23300, por contía de 901.339,28 euros máis outra adicional por xuros na 15101 35200 por contía de 35.000,00 euros, que fan un total de 936.339,28 euros.

O que sucede é que esas cantidades están afectas ata o 31.12.17 a o pagamento dun deber de devolución de cantidade entregada, no seu día, ao Concello por convenio urbanístico en relación ao ámbito urbanístico do S.U. 13. Trátase dunha devolución efectuada nun escenario temporal de 5 anos que empezou no ano 2013 e remata o 31.12.17, conforme auto xudicial de executoria.

8ª.-Pois ben, este parcial estaría automaticamente prorrogado a 01.01.18 e deberá ser contemplado en concepto de mínimos no orzamento definitivo da anualidade de 2018, se é aprobado antes da mencionada data, o que non é previsible.

9ª.-Polo tanto, e a modo de conclusión inicial, pódese dicir que o presente orzamento para 2017, aprobado inicialmente, que subsume todas as operacións efectuadas na vixencia do prorrogado desde o 01.01.17, cando menos conta don dúas cantidades ou créditos para afrontar o pagamento do xustiprezo referido.

a) A contía do plan director de servizos públicos básicos da aplicación 15310 60401 por contía de 707.891,65 euros que podería ser dedicado total ou parcialmente ao inicio do pagamento deste xustiprezo- cedendo crédito a aplicación de destino 15101.601.00 mediante transferencia de crédito

b) As contías sinaladas nos créditos das aplicacións 15101 23300 e 15101 35200 por contía de 936.339,28 euros. Non obstante, neste caso, é preciso sinalar que estas contías, que serán automaticamente prorrogadas a 01.01.18 e deberán ser contempladas (en concepto de mínimos) no orzamento do ano 2018 que, no seu caso, se elabore, atópanse xa comprometidas, tal e como se indicou, ata o 31.12.17, para o pagamento das responsabilidades de devolución asociadas co ámbito urbanístico do S.U. 13; **pero están xa liberadas para o pagamento parcial (case dunha terceira parte) do xustiprezo en cuestión, desde o 01.01.18.**

10ª.-Neste senso cabe mencionar que, de acordo á análise dos documentos informativos do orzamento, é dicir, memoria explicativa da alcaldía, informe económico-financieiro e bases de execución do orzamento inicialmente aprobado, e no que se refire a este último documento, engádense como anexos os informes económico-financieiros elaborados por esta intervención o 29.12.16 (registro de entrada nº 135598) e o 29.03.17, que foron requiridos pola alcaldía deste Concello, detentada nese momento polo Sr. Gonzalo Pita.

11ª.-Feitos do que se deducen as seguintes conclusións previas:

1) Que a Corporación, con ocasión da aprobación do orzamento desta anualidade, asume un plan de pagos deste xustiprezo de carácter cuatrienal para o período 2018-2021 que representa un pago do principal de 3.010.827,28 euros e de 255.920,32 de xuros.

2) Que para poder facer fronte a este pago cuatrienal a Corporación asume como medio de financiamento os fondos propios municipais que financian os créditos xa referidos nas aplicacións 15101 23300 e 15101 35200 por unha contía de 936.339,28 euros en concepto de mínimos.

3) Que dito plan de pagamento é inmediatamente executable a 1.1.2018, sen por elo alterar as medidas de consolidación fiscal (estabilidade orzamentaria, regra do gasto, nivel de débeda e límite do gasto non financieiro) referidas na Lei 2/2012, de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira, de 27 de abril, en especial, os artigos 11 e 12.

4) Que este plan contempla o inicio dos pagamentos o 31.03.18, sen prexuízo de que é executable o 01.01.18.

5) Do informe adicional de data 29.03.17 dedúcese que existe a posibilidade de dotar un pagamento anticipado nesta anualidade de 2017 de 200.000,00 euros, e precisamente con cargo aos créditos globais do plan director anteriormente referido da aplicación 15310 60104, tal e como se refire no apartado 4 do informe da intervención mencionado que agora se une como anexo ás bases de execución, ao igual que o previo de 29.12.16.

12ª.-Polo tanto dedúcese que con ocasión da aprobación do orzamento de 2017, a Corporación dou aprobación ao plan de pagamento deste xustiprezo por expropiación urbanística cun plan cuatrienal 2018-2021 que comezará 31.03.18, cunha primeira cota de principal de 188.176,71 euros e as cotas de xuros de demora acumuladas a dita data, tendo asumido o compromiso de gasto efectivo para todos os exercicios futuros, de acordo ao disposto no artigo 174 do R.D.L. 2/2004 de 5 de marzo.

O mencionado plan contempla un sistema de cotas de amortización constante por capitalización simple sendo as cotas do principal de 188.176,71 euros sendo o primeiro pagamento o 31.03.18.

Por outra parte, dos documentos orzamentarios referidos dedúcese a posibilidade de que se contemple un anticipo a ese plan de ata 200.000,00 euros neste último trimestre de 2017.

13ª.-Agora ben, no mencionado informe económico-financieiro solicitado de 29.12.16, efectuado a requirimento da alcaldía, e que agora se une como documento anexo complementario ás bases de execución, sinalábase outra posibilidade de dación de crédito inmediato:

*-Solicitar unha operación de crédito ao amparo do disposto no artigo 48 e seguintes do R.D.L. 2/2004 de 5 de marzo, que se incorporaría ao orzamento mediante unha modificación orzamentaria das sinaladas no artigo 171.5 do mesmo corpo legal. Para elo precisaríase a previa autorización do Ministerio de facenda e administracións públicas, dado o contido do plan de axuste a que está suxeito este Concello, segundo o R.D.L. 4/2012 de 24 de febreiro que contén a necesidade de información trimestral e que no seu contido prohibe, en principio, operacións de endebedamento financeiro a longo prazo.*

*Por outra parte, esta operación de endebedamento xeraría uns xuros financeiros que poderían ser iguais ou inferiores aos derivados do plan cuatrienal de pagamento, xa que nun caso son aplicables os derivados do mercado financeiro, en relación ao principio de prudencia financeira do artigo 48.b do R.D.L. 2/2004 de 5 de marzo e, noutro caso, os xuros referidos na Lei de orzamentos xerais do Estado como interese legal do diñeiro e que, en principio, compútase a un 4 %.*

*-Nesta outras medidas alternativas de dación de crédito que poden ser complementarias ao plan cuatrienal enuncíase a posibilidade de incluír unha operación no fondo de impulso económico do R.D.L. 17/2014, de 30 de decembro, sempre que se avalíe que se trate dun investimento sostible ou unha responsabilidade de pagamento derivada dunha sentenza xudicial firme en canto á contía se refire.*

*-Por último mencionar que o Concello dispón de patrimonio público do solo que podería ser obxecto de permuta e/ou alleamento e que podería dedicarse as finalidades de obtención de zona verde polo mecanismo de expropiación urbanística agora sentenciada.*

14ª.-Descoñécese se estes plans de pagamento foron notificados ou non ao interesado polos mecanismos previstos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, pero o que si consta é que foron cando menos transmitidos verbalmente en diferentes reunións na sede do Concello ao interesado.

### **III.-CONCLUSIÓNS**

1. O orzamento de 2017 inicialmente aprobado, por todo o indicado nos feitos, contempla un compromiso de gasto para os exercicios de 2018 a 2021 para facer fronte ao pagamento do xustiprezo indemnizatorio pola expropiación urbanística denominada zona verde-espazo libre (ZV-E63B). O mencionado plan devéngase a data do 01.01.18 sendo o primeiro pago o 31.03.18. A contía fixa do principal é de 188.176,71 euros ao que se lle deben de sumar os xuros de demora que serán os que para o primeiro pago foran xa devengados e para os sucesivos os xerados en cada trimestre.
2. Este compromiso de gasto adóptase pola Corporación con motivo da aprobación do orzamento para 2017 de acordo ao artigo 174 do R.D.L. 2/2004 de 5 de marzo e o mesmo é, por tanto, obrigatorio. Por outra, parte, de acordo as disposicións finais das bases de execución do orzamento, en especial a primeira, dedúcese que sa consignación de 936.339,28 euros é en concepto de mínimos, e ademais e de consignación obrigatoria para cada un dos exercicios do escenario plurianual do plan. E no que respecta á primeira anualidade de 2018 estará en situación de dispoñible automaticamente con efectos da data do 01.01.18.
3. O orzamento de 2017 aprobado inicialmente contempla a posibilidade de proceder a un anticipo dese plan cuatrienal que segundo a documentación informativa anteriormente sinalada e ata un máximo de 200.000,00 euros, con cargo ao plan director de servizos públicos básicos da aplicación 15310 60104 que está chamado a ceder crédito ás diferentes aplicacións da mesma área de gasto 1, e, no caso que nos ocupa, á 15101 60100.
4. O establecido nos apartados anteriores dedúcese claramente do referido na memoria explicativa da alcaldía (documento preceptivo do orzamento) que na súa páxina 14, literalmente di: “*Indemnizacións, devolucións e outras esixencias de crédito en materia de urbanismo: Asemade contemplase crédito para amortización da indemnización de devolución das entregas efectuadas no seu día pola promoción do S.U. 13. Estas cantidades quedarán liberadas a 1 de xaneiro de 2018, para facer fronte a outros posibles desenvolvementos de esixencias, como a derivada dun procedemento de expropiación urbanística en Vicaño de Abaixo, por importe de 3.010.72,30 euros (pendente á data de casación a sentenza de apelación fronte ao Tribunal supremo). Non obstante existen posibilidades de realizar determinados anticipos do primeiro prazo da devolución en 2017, segundo as normas de xestión establecidas nas bases de execución do presuposto, e crédito suficiente para elo. Engádense anexos explicativos dos plan de pago elaborados”.*
5. A mencionada cuestión tamén e referida no informe económico-financieiro preceptivo ao proxecto e no informe que emite a intervención xeral.

### **IV.-CONCLUSIÓN FINAL**

1ª.-Debe ser a Corporación como órgano de xestión competente, constituída en Pleno, quen estableza o mecanismo orzamentario para asumir o pagamento do xustiprezo da zona verde referido respecto da finca denominada “VICAÑO DE ABAJO”, finca 8022 do rexistro da propiedade de Cambados, no senso

que proceda en canto a execución e demais consideracións que xa teñan sido ditaminadas xurisdicionalmente.

2ª.-Esta corporación con respecto ao mencionado nas anteriores conclusións no relativo ao plan cuatrienal de pagamento deste xusto prezo debe ter en conta que se desexa proceder a cambiar os criterios fixados deberá facelo por un acordo singular tramitado en debida forma que deberá incorporarse ao presuposto municipal en canto a necesidade de dotar o crédito previo, preciso e adecuado.

3ª.-O escrito presentado polo Sr. Juan María Fátima Rocafort Morales con data 27.10.17 con rexistro de entrada 11784 consiste nunha reclamación fronte a aprobación inicial do orzamento baseado no artigo 170 do R.D.L. 2/2004 de 5 de marzo no seu apartado II. b).

A mencionada reclamación debe ser admitida e elevada perante o Pleno da Corporación para a súa estimación ou desestimación.

4ª.-Polo antedito nas conclusións esta intervención estima que o orzamento de 2017 contempla, tanto a posibilidade de proceder ao pagamento do mencionado xustiprezo ata unha contía de 200.000,00 euros neste exercicio de 2017 e asemade contempla un compromiso de gasto firme e irrevogable de pagamento do xustiprezo indemnizatorio nun plan cuatrienal cun escenario temporal 2018-2021 pola contía mínima anual de 936.339,28 euros que pode ser ampliada pero non diminuída e que contempla tanto o pagamento do principal a razón de 188.176,71 euros por trimestre, como os xuros de demora devengados para cada período de pago.

Desde este punto de vista a reclamación presentada por Juan María Fátima Rocafort Morales pode ser desestimada sempre que non se cambie o criterio volitivamente pola corporación constituída en pleno como órgano colexiado competente.

5ª.-Non obstante, esta intervención desexa deixar claro o seguinte:

- a) A obriga de facer fronte ao pago do xustiprezo nos termos ditaminados xudicialmente e incuestionable xa que ademais de estar referida claramente na Lei, quedou ademais debidamente fixada e sinalada polas resolucións xudiciais, e lembrada polos informes xurídicos que lle constan a esta Corporación. En consecuencia a de dotar crédito preciso para facer fronte ao pagamento no marco das posibilidades presupostarías e no seu caso nun escenario temporal que non pode demorarse mais ala do previsto nos documentos complementarios do propio presuposto, tal como se expuxo con anterioridade
- b) Que debese notificar fehacientemente esta plan de pago ao interesado para que poda admitilo expresamente o rexeitalo, e neste senso facer uso dos seus dereitos de alegación que estime pertinentes que poderán ser tidos en conta ou non por esta Corporación arbitrando os mecanismos de xestión orzamentaria que sexan precisos e que, a modo de exemplo non constitutivo de numerus clausus, constan no apartado de feitos deste informe e no apartado de **“outras partidas de dación de medidas”** do informe emitido o 29.12.16, con número de rexistro de entrada 13558.
- c) No que respecta á execución do plan de pagos previsto no presuposto de 2017 aprobado inicialmente, dicir que a posibilidade de transferencia de crédito da aplicación orzamentaria 15310 60104 a aplicación que deba subsumir o pagamento do xustiprezo, total ou parcialmente, e asemade das aplicacións 15101 23300 e 15101 35200, viabilizanse nas normas do dereito presupostario público relativas ao mecanismo de vinculación xurídica dos créditos do artigo 160.4 en relación ao artigo 172, ambos do R.D.L. 2/2004 de 5 de marzo, como pola sistemática das transferencias de crédito regulamentadas nos artigos 178 e 179 do TRLHL.
- d) Polo tanto o orzamento de 2017 aprobado inicialmente garante, cando menos, o pagamento do xustiprezo mediante a adopción dun compromiso de gasto plurianual para pagamento do xustiprezo en cuestión ata a cantidade actualmente ditaminada de 3.010.872,38 euros a razón de 752.706,84 euros anuais, nun escenario temporal que inclúe os exercicios de 2018 a 2021, ámbolos dous incluídos, aos que se deben unir os xuros que se teñan devengado, existindo a posibilidade de ser ampliada pero non diminuída e de ser reducido o horizonte temporal do plan cuatrienal pero non aumentado.

- e) Tamén o orzamento inicialmente aprobado fronte ao que se reclama dota crédito suficiente para un anticipo de ata 200.000,00 euros na súa versión actual. Se o interesado mostra desconformidade con este plan de pagamentos, poderá facer uso do seu dereito de alegacións solicitando unha alternativa ou ben activando os mecanismos xurisdicionais de reclamación para conseguir unha executoria xudicial do pagamento efectivo noutros termos que sexan para el mais favorables.

Únese como anexo a este informe un resumo sintético dos antecedentes desta expropiación urbanística e da súa conflictividade xurisdicional.

Por outra parte, esta intervención resérvase a posibilidade de solicitar e requirir, en base ao artigo 222 do R.D.L. 2/2004 de 5 de marzo, cantos informes adicionais se estimen pertinentes respecto deste asunto e solicitar, no seu caso, se do contido de estes informes se deriva unha lesión efectiva para a facenda pública o correspondente expediente de alcance de fondos, segundo dispón a Lei 47/2003 de 26 de novembro, xeral orzamentaria, por posibles danos conferidos á facenda pública.”

Non se produce debate e sometido o asunto a votación ofrece o seguinte resultado:

Votos a favor: Once (Grupo municipal do P.P. e Sanxenxo agrupación liberal

Votos pola abstención: Seis (Grupo municipal do B.N.G, grupo mixto e grupo de non adscritos).

Polo tanto propónse ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO:

- a) Admitir a reclamación presentada
- b) Desestimar a mesma xa que o orzamento contempla un compromiso de pago mediante un plan cuatrianual de pagamento do xustiprezo por contía de 3.010.872,38, devengado o 01.01.18 e cun primeiro pago o 31.03.18. Asemade contempla a posibilidade de poder efectuar pagos parciais na presente anualidade, unha vez definitiva a aprobación do orzamento, como anticipo do referido plan cuatrianual, cunha contía máxima de 200.000,00 euros.
- c) Contemplar un plan director no área de gastos 9 (aplicación orzamentaria 92001 62300) por contía de 50.000,00 euros, reducindo dita contía das áreas de gastos 3 (30.000,00 euros) e 4 (20.000,00 euros), dado que é preciso realizar investimentos que non teñen encaixe estrito polo que é aconsellable imputala a esta área de gasto.
- d) A aprobación definitiva do orzamento de 2017, cadro de persoal, documentos informativos referidos ao orzamento anual consolidado e cada un dos orzamentos separados que o integran, incluído o estado de consolidación.

SEGUNDO: Proceder á publicación da aprobación definitiva, cumprindo o disposto no artigo 169.3 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado por Real decreto legislativo 2/2004 de 5 de marzo e disposicións concordantes.””

**O Sr. Guisasola Padín, concelleiro do Grupo Municipal do Partido Popular,** manifestou que queda claro no informe a posibilidade do anticipo dos 200.000 euros trimestrais e por iso desestímase o recurso.

**O Sr. Agís Balboa, voceiro do Grupo Municipal Mixto,** que como no pleno vota individualmente, vai facelo en sentido favorable en base ao cadro cuatrienal de pagos e ao informe do interventor. Aclarou que na comisión informativa abstívose porque o grupo mixto está constituído por dous concelleiros/as que poden ter opinións diferentes.

**O Sr. Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego,** manifestou que estamos diante dun recurso presentado en novembro contra os orzamentos e que é mais simbólico que eficaz, indicando que, aínda, que non o recoñeza así o Sr. Alcalde, a reclamación está relacionada con asuntos urbanísticos do pasado xa que o concello ao estaren

xudicializado este tema, ten que abonar máis de tres millóns de euros e os xuros correspondentes. Indicou que isto non é unha reclamación sindical dos orzamentos senón que hai que asumir unha indemnización por unha parcela que non ten aproveitamento, nin soterrado, e que hai que asumila por todos os veciños. Rematou dicindo que estamos ante unha desgraza, é un desastre ocasionado polas políticas do pasado e que o Tribunal Supremo aínda pode elevar a indemnización.

O **Sr. presidente** manifestou que quere “coller o toro polos cornos” neste tema explicando o sucedido dicindo que no PXOM tentou contar coa parcela en cuestión con compensación aos titulares noutra zona e que isto non foi posible. Continuou dicindo que a valoración foi realizada polos técnicos e polo Xurado de Expropiación e así hai que acatala, desmentindo que no terreo non se poda facer nada como dixo o concelleiro nacionalista. Afirmou que non estaba moi de acordo en fraccionar en catro anos o pago porque era mellor botar man do plan de impulso que permitiría pagar os cartos todos xuntos cuns xuros mínimos pero isto non se pode facer porque estamos pendentes do Tribunal Supremo. Rematou dicindo que sempre tratou de defender o interese municipal, que as parcelas para zonas verdes hai que adquirilas e que na parcela en cuestión non se pode facer obra por enriba da rasante pero que se poden facer outras cousas beneficiosas para o municipio.

O **Sr. Otero Domínguez** afirmou que non se conforma con que se diga que as cousas veñen dadas así (como se houbese “un maremoto, ou un ciclón...”) porque isto é un problema do pasado e o alto prezo ben motivado por iso. Engadiu dicindo que a realidade non ten retorno pagando os cartos e afirmando que aquí nunca pasa nada. Engadiu que levamos anos indemnizando polas políticas levadas a cabo polo actual alcalde no pasado e incluso polo goberno posterior. Considerou que esta situación é unha “resaca” dos políticos do pasado que teñen unha transcendencia futura ao teren agora que pagarse mais de tres millóns de euros, cos xuros correspondentes. Rematou dicindo que os seus anteriores socios de goberno se escandalizaban co urbanismo do pasado e agora xa non din nada.

O **Sr. presidente** acusou ao Sr. Otero Domínguez de mentir cando afirmou que a parcela non ten valor porque sí o ten e as zonas verdes hai que pagalas. Citou a adquisición de Punta Vicaño pois os bens se valoran pola edificabilidade dos arredores e no caso da citada zona verde a parcela de mais de 20.000 metros cadrados foi adquirida por un prezo inferior a estas valoracións. Rematou dicindo que de 52 recursos contra o PXOM só se perderon 3.

A **Sra. Deza Martínez** manifestou que quedaba alucinada polo xeito simplista no que entende o urbanismo o Sr. Otero Domínguez, lembrando que a parcela en cuestión é unha zona verde, “que non a puxo alí Telmo Martín”, que ven das normas subsidiarias anteriores ao PXOM e que se valora pola “manzana”, tendo ésta un aproveitamento urbanístico alto. Engadiu que non debe mesturar a Telmo Martín con este tema, que non simplifique tanto, que non confunda. Rematou dicindo que as zonas verdes hai que situalas sempre enriba dalgún terreo e que se deben adquirir para o municipio por compravenda, permuta ou expropiación e iso ten un custo.

O **Sr. Otero Domínguez** preguntouse se a Sra. Deza Martínez terá os mesmos conceptos urbanísticos que na lexislatura anterior ou se quere facer méritos agora diante do actual alcalde.

O **Sr. Gonzalo Pita, voceiro do Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal**, manifestou, por alusións ás acusacións do Sr. Otero Domínguez, que aínda que se di que a palabras necias oídos xordos, sempre se debe falar claro e mirar para adiante. Afirmou que no



anterior goberno os nacionalistas nunca tiveron valor para endereitar a situación urbanística pois nunca quixeron facer nada e por iso agora están na oposición. Opinou que o PXOM de Sanxenxo, recoñecendo que se cometeron erros evidentes, foi positivo para o municipio (lembrouse doutros concellos sen planeamento). Engadiu que aínda que as cousas saian algunha vez mal hai que buscar solucións. Rematou dicindo que o BNG tivo a súa oportunidade pero desaproveitouna mirando para atrás en lugar de tomar decisións de futuro.

Logo de dicirlle o Sr. Otero Domínguez ao Sr. Gonzalo Pita que o concelleiro do SAL tería que dar, as coordenadas do GPS da súa ubicación porque xa non se sabe onde está, houbo un cruce de acusación entre os dous concelleiros. O segundo díxolle ao primeiro que coa actitude que tivo e que ten estará sempre na oposición e no paro e o concelleiro nacionalista díxolle ao concelleiro do SAL que esperaba que non tivera cara para presentarse ás eleccións despois do que fixo (“ISO SERÁN OS VECIÑOS OS QUE O DIGAN”, respostou o Sr. Gonzalo Pita), que agora se adica a viaxar a conta dos cartos públicos e que non o ían admitir no PP no futuro pois o Sr. Martín González deulle ao “abrazo do oso” para logo deixalo fóra e quedar no ostracismo.

O **Sr. Otero Domínguez** manifestou que precisamente o ex alcalde Gonzalo Pita foi o que estivo tratando coa parte que presentou a alegación aos orzamentos e que este acordo debe ser o resumo do que se pactou para pagar o prezo. O **Sr. Gonzalo Pita** preguntoulle ao Sr. Otero Domínguez que labor fixo el entón neste tema cando foi concelleiro de economía no anterior goberno.

O **Sr. Agís Balboa** manifestou ante a discusión entre os Sres. Gonzalo Pita e Otero Domínguez que el continuaba sendo concelleiro da corporación porque así o tiña decidido.

**Votos a favor: 12 (Grupo Municipal do Partido Popular, Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal, e Sr. Agís Balboa do Grupo Municipal Mixto).**

**Votos en contra: 0**

**Votos pola abstención: 3 (Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego).**

En consecuencia, a **Corporación Municipal en Pleno**, por **maioría absoluta**, adoptou o seguinte acordo:

**PRIMEIRO:**

a) Admitir a reclamación presentada

b) Desestimar a mesma xa que o orzamento contempla un compromiso de pago mediante un plan cuatrianual de pagamento do xustiprezo por contía de 3.010.872,38, devengado o 01.01.18 e cun primeiro pago o 31.03.18. Asemade contempla a posibilidade de poder efectuar pagos parciais na presente anualidade, unha vez definitiva a aprobación do orzamento, como anticipo do referido plan cuatrianual, cunha contía máxima de 200.000,00 euros.

c) Contemplan un plan director no área de gastos 9 (aplicación orzamentaria 92001 62300) por contía de 50.000,00 euros, reducindo dita contía das áreas de gastos 3 (30.000,00 euros) e 4 (20.000,00 euros), dado que é preciso realizar investimentos que non teñen encaixe estrito polo que é aconsellable imputala a esta área de gasto.

d) A aprobación definitiva do orzamento de 2017, cadro de persoal, documentos informativos referidos ao orzamento anual consolidado e cada un dos orzamentos separados que o integran, incluído o estado de consolidación.

**SEGUNDO:** Proceder á publicación da aprobación definitiva, cumprindo o disposto no artigo 169.3 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado por Real decreto lexislativo 2/2004 de 5 de marzo e disposicións concordantes.-----

E non habendo máis asuntos de que tratar, a presidencia levanta a sesión sendo as nove horas e corenta e seis minutos, de todo o que, secretario **DOU FE:**